



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E FUNDACIÓN AZTI PARA A COLABORACIÓN E COMPARTICIÓN DE COÑECEMENTO NO MARCO DO PROXECTO MaruxIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Fundación Azti o instrumento convencional arriba referido, cuxa entrada en vigor queda condicionada á resolución favorable e firme da concesión da axuda correspondente á Liña FID no marco da convocatoria 2025 e por un período de vixencia que será, como máximo, ata o 31 de decembro de 2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Fundación Azti para fomentar a investigación aplicada, o uso intensivo de datos e o desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito das tecnoloxías de vangarda en análise de datos e xestión sostible dos bancos marisqueiros da Ría de Arousa, o medio ambiente e o territorio, no marco do proxecto MaruxIA, impulsado pola Consellería do Mar.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, os dereitos e obrigas das partes, a protección de datos e confidencialidade, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación dende a Demanda (Liña FID) para a





Compra Pública de Innovación destinada a fomentar ou desenvolvemento e adquisición de produtos ou servizos innovadores.

– A Consellería do Mar e a Fundación Azti consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan impulsar actuacións conxuntas de carácter estratéxico, técnico ou científico, dirixidas a impulsar solucións innovadoras e actuacións colaborativas no ámbito do proxecto Proxecto MaruxIA.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

